# TALLER DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL

MESTRA DE AUDICIÓN E LINGUAXE: BEA

**SEMANA DO 25 AO 29 DE MAIO**



Boas familias! Unha semana máis aquí vos deixo algunhas suxerencias para que estimuledes a linguaxe oral dos vosos peques.

O conto que vos propoño esta semana é: "Quen é ese becho?"




Este conto percorre en cada páxina diferentes bechiños de cores e tamaños, formas e aparencias. Creatividade, xogo e humor nun libro para practicar a descrición, o recoñecemento e asimilar o fenómeno da diversidade.

Dádelle clic ao enlace e disfrutade desta divertida versión musicada de "Quen é ese becho?" da man de Paco Nogueiras.

Fai clic aquí

**http://kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33&pagina=15#PD_Paco%20Nogueiras%20-%20Quin%20es%20ese%20bicho**

Mentres o escoitades, animádevos a cantar ao ritmo que nos marca a canción...

E despois de escoitalo e cantalo, propóñovos que cada un elabore o seu becho: único e especial.

Como vos queirades. Douvos total liberdade.

Podedes facer un debuxo en papel.



Usar materiais de refugallo.





Facer bechos con plastilina...



E recordade que...




cada un é diferente...

Tamén vos invito a saír a pasear agora que xa se pode, e observar a diversidade de bechos que hai nesta época.



# QUEN É ESE BECHO?



E como sempre, tamén vos deixo unha tarefa de conciencia fonolóxica adxunta. Esta vez da consoante S. Non é necesario imprimila. Chega con que vos sinalen as palabras que empezan por esta vogal de forma oral.

Esta semana déixovos a mesma tarefa de conciencia fonolóxica para facela de forma interactiva. Podedes acceder a ela a través do seguinte enlace, desde calquera dispositivo.

**https://es.liveworksheets.com/worksheets/es/Audici%C3%B3n_y_Lenguaje_(AL)/Conciencia_fonol%C3%B3gica/Empieza_por_s%C3%ADlabas_con_s_ci156504il**



**Para traballar a comprensión verbal, as descricións e a diversidade que se ve no conto, déixovos unha tarefa interactiva de alegres monstros.**

**Pinchade no enlace para poder acceder a ela.**

# [https://es.liveworksheets.com/jy385066bu](https://es.liveworksheets.com/jy385066bu)



**Cando rematen, calquera das tarefas interactivas, teñen que clicar en terminar, e aparecerá unha imaxe coma esta. Debedes pinchar en "enviar mis respuestas a mi profesor/a"**




**E cubrir os datos. En asignatura podedes poñer AL, e no correo tendes que poñer: beasnine@gmail.com**

**Se queredes enviarme calquera outra cousa, podédelo facer ao correo: orientacioncespon@gmail.com**